

A AUDICIÓN RADIAL DE MONTEVIDEO “SEMPRE EN GALIZA”

Por FERNANDO PEREIRA CAAMAÑO

Unha data: 3 de setembro de 1950. Oito nomes: Alfredo So-moza (xa asulagado na eternidade), Lois Tobío, Emilio Pita, Xesús Canabal, Pedro Couceiro, Manoel Meilán, Antón Crestar e Manoel Leiras.

Ao cabo de nove meses, como unha cantiga doce á materni-dade, como unha louvanza á vida, agroma en Montevideo a emi-sión radial “Sempre en Galiza”. Foron, nembargantes, uns me-ses de agardar acedo, de desacougos esenciais, que se engaiolaban a unha faísca lumiosa i evocadora. Eran, sen dúbida, os latexos fondos e virxinales do guieiro, na sereidade dun sartego resoan-te, vidal, que alongaban o seu mensaxe, quenes abanearon a ese fato de homes deica empurralos polo camiño da Hestoria. Non era somentes o relembro saudoso, de valeiras vaguedades, que-nes levaron ao xuntoiro querendoso e presentido a aqueles seres; sabían que no ar había un desexo, un sentimento feito carne, pra trocar un ideario a prol dos homildes, dos desposeídos, de xusticia e non de caridade, nun outeiro dominical e transparente. E así foi como xurdéu “Sempre en Galiza”, que comprirá o seu carto de século de vida no vindeiro setembro, no ano do pasa-mento de quen deixara un ronsel imborrábel, de vivenzas axus-tadas e axeitadas ao mundo de hoxe. Porque, en definitiva, a continuidade, a regularidade, enmáis da proieución insospeitá-bel da audición radial, é o refrexo, por unha banda, da profun-didade dun fillo da verdade e, pola outra, a confirmación da certaíra visión dos seus fundadores, que souperon escoitar un chamado e afastarse de tépedos e murchos pesimismo. Foi unha

tamén longa noite, pro non de pedra, cos seus vagalumes, co seu recendo especial, de seu, devalando ensoñacións, abranguendo todo o feitizo do intre e acoutando, pra sempre, a morte agasalleira, de vida estrelecida. Os anceios, as sedes nobres, patrianas dos seus destiños, proletarias e cernes, atopan a corredoira limpa e buscada. Aberta, conselleira, acariñante, sen silveiras, co bulir perto dos latexos de Daniel.

Co tempo, paseniñamente, outras voces e outros sentimentos (sentimentos pendurados no mesmo albre ergueito), avencéllanse, reatópanse e palican no adro aberto de CX 16 Radio Carve: Xosé Lois Villaverde, Yolanda Díaz de Rodríguez e F. Pereira. Interpretar un mensaxe, non enguedellarse con cantigas de searea, comprometerse coa pureza, velahí un xeito de homaxe, sen trégoas, ao guieiro. Non axionllarse diante da noitebra, da vaidade ou da mentira. Ser xordos aos barulleiros ideolóxicos, que coidan que a bondade básica de Daniel é algo emocional (ou un sentimento astrauto) e non un feito refresivo e revolucionario, é, asemade, un xeito de homaxe permanente. Pois todo iso é "Sempre en Galiza" no Uruguai, que ten o privilexio, enmáis, perante media hora os domingos pola mañán, de trocarse nun froito da sementeira, non serodia, aitual, descarnada, non estupefacente, de quen dera orixe, de quen sigue sendo o "santo e seña" dun quefacer que se inza a eito, que se cisca lumiosamente polo espacio. Percorrede a intimidade dun fogar, ou lugares de aparencia allea, de nove e media a dez, no día da folganza so-manal. No Uruguai e na Arxentina (a onde chega o seu rumoroso petar). E veredes facianas aterecidas pola friaxe dunha bágoa quente. Seres con corazóns apaixonados e feridos de amor. Fatos humanos axexantes á fala xeneradora da poesía de hoxe. Milleiros e milleiros de radio-escoitas, que saben escoitar. Galegos medulares, que non se engruñan. Varales. De pelo en peito. Cecáis (ou sen cecáis) estaranlle bicando as mans ceibes, limpas e bariles do home-mito. E tales aitudes, tales rebumbios do esprito, son a caixa de resoancia natural dunha presenza viva e dinámica. De quen se metéu no rueiro da Hestoria. Que sabe seguire connosco e que nós sabemos palpalo, coa ferverza dos novos tempos, que aínda non son chegados. Pro que están chegando, pra ledicia doutros pobos amigos e irmáns, que tamén saben de noites de inverno, de xiadas e trunfalismos escorregantes. Será mester poñerse dacordo e desbotar aos litúrxicos, aos

servos e a quenes empregan os botafumeiros pra botar fume. De leña verde. Que pode trabucar.

Hai unha simbiose entranábel antre o espacio radiofónico "Sempre en Galiza" e o seu mítico xestor. Do seu xestor, do seu nidio precursor de roteiros, sen mácula, recibe a prédica e o alento definitorio e definitivo. O pulo áureo, acochado i espontáneo dun 7 de xaneiro do ano 1950. Dunha xornada preñada de pesares, que, daseguido, idealízase e convírtese nun fito que fende nas entranas populares e soergue concencias no mundo infindo e potencialmente rebelde da emigración. Desá emigración, desá masa que vive e pervive nestes ceos, dimpóis de saltar mares e valados, cavilosa, calada, homilde, axada e, nembargantes, protagonista e peza vivente dun reluciente porvir. Como resposta, "Sempre en Galiza", abre a súa cancela en galego, somentes en idioma galego, sempre mesturando novas, verbas, cantigas, saúde e Terra i el (tamén sempre el) recolle ese pan ben amado, con sabor a regueifa, sabendo que é o prodixioso pago a unha conduta frolida, de río espellante, sen reviravoltas. Pra honra, pois, d-el a emisión nace co el e pra el. Alóngase co el, coa súa parola, cos seus pareceres, co seu humor crasista, coa súa intransixencia idiomática. Dixemos ben: coa súa intransixencia idiomática. Intransixencia, á que se dá o comprimento máis melindroso e que el sabe degustare, que está degustando. Neste intertroque, neste ire e vire de afervoados azos, queda, coma un reiseñol enxaulado, o noso pobo. E na meiguice da hora, de certo agoa-mel, queda estabrecido un solene feito: a audición radial "Sempre en Galiza" é a pioneira, no mundo da emigración e metropolitán, dun espacio falado enteiramente en galego, que fai xurrar, físicamente, tódolos domingos, a figura encamiñante e interminabre de Daniel. Dun Daniel xuvenil, cheo de craridade, crebando o tempo, debuxando nas areas nadas, delgadeiro, con pampeana señardade, zoándolle xa nas ouellas o vento mareiro do amore aos demáis, aos semellantes. A eses semellantes, que aínda, dín, que non son semellantes. Mergullado nos seus pensamentos, escoitando o rechouchío das gaivotas rianxeiras, profundando na ialma mariñeira. E na labrega. E na obreira. Na ialma do mundo. Pousándose, afincándose na Terra, pra sere ecuménico. Solidario.

A verdade non é verdade senón atopa receutividade. Senón fura vontades adurmiñadas. Senón fai trimbilicare a mentira.

Senón troca a escuridade en alborada. Senón camiña ergueita. Senón abre sulcos. Senón sirve como vibradoiro. Senón escrarece concencias. I eso é "Sempre en Galiza". I eso será "Sempre en Galiza". Pra ben de tódalas Galizas. Pra ben do seu ideólogo. Pra ben de quen nos guióu, do noso guieiro. A quen soupemos escoitare. A quen seguimos escoitando. A quen seguiremos escoitando. E por elo, "Sempre en Galiza" é escoitada. Por Daniel. Por galegos. Por uruguaiois. Por arxentinos. Polas Galizas. A da diáspora. A da que fai vida nómada. Pro tamén pola que amaba tanto o chán que o víu nacer e medrar, que non se movéu. Que se quedóu, en silencio, agardando tempos milliores. Que virán. Que xa están a vire. Pra que, dese xeito, poida voltar Daniel. I entón producirase a comunicación ideal ante a Galiza presentida e a "Galiza ideal". I entón as augas serán xa cristalinas, de semántica enxebre, sen riscos, de xurdia fraternidade. I entón os criollos destas terras de promisión, que fixeran a descuberta dunha Galiza iñorada a traveso dunha radio, a traveso dun ideario, a traveso da presenza viva e latexante de Daniel, recibirán a aperta máis tenra, cinguida e perdurabre. Porque eles, que nos acolleran con quentor, axudáronos a non morrer, a seguir no fiadeiro das ilusións, a manter en pé a bandeira da diñidade, a sere nós mesmos.